

As anotacións en YouTube. Exemplos educativos

Xacobo de Toro Cacharrón

As anotacións constitúen unha aplicación sinxela que permite deseñar actividades dirixidas a desenvolver as competencias de aprender a aprender, iniciativa e autonomía persoal e dixital e TIC, ademais de facilitar a súa avaliación fronte a outro tipo de probas que se levan a cabo habitualmente nas aulas.

Isto constitúe unha forma áxil e contextualizada de inserir elementos audiovisuais como os dispoñibles en educaBarrié e que enriquecen o currículo e o proceso de ensino-aprendizaxe.

Como as anotacións son o caso que nos ocupou no obradoiro desenvolvido, vexamos algunhas posibilidades salientadas aproveitando o vídeo da entrevista feita pola Fundación Barrié a Joseph E. Stiglitz:

Vídeo exemplo con anotacións. Como referencia empregouse o vídeo da entrevista da Fundación Barrié a Joseph E. Stiglitz:

<http://youtu.be/GBKwxO3x9Nc>



- Facer un menú ao inicio do vídeo de xeito que se poida saltar a un punto en concreto do mesmo sen ter que buscar coa barra de desprazamento. De igual xeito, podemos deixar unha icona durante a duración do mesmo para volver ao punto inicial do menú.
- Deseñar un cuestionario con distintas opcións e explicacións a propósito de cada unha. Un exemplo pode ser o dun vídeo que aporta unha explicación e ao final fórmulase unha pregunta de importancia para a comprensión do mesmo. Sobre o vídeo danse opcións: unha delas permite avanzar e ver o seguinte vídeo, as tres restantes son falsas e volven ao mesmo vídeo, pero no preciso intre onde se fai a explicación.
- Deseñar un itinerario para saltar de vídeo en vídeo segundo os intereses do alumno e do profesor.
- Facer anotacións sobre os puntos que máis interesan e incluíndo preguntas e pausas para contestar en común durante a proxección.

Tamén se pode deseñar unha historia con distintos desenvolvementos da narración, que poden ser elixidos polo espectador. Este é o caso do vídeo elaborado por Xacobo de Toro para exemplificar o caso, no que se presenta un conto infantil que pode ter diferentes desenlaces. Deste xeito, a persoa que o visualiza pode ir escollendo o desenvolvemento do conto e a sorte da súa protagonista.

As aventuras da meiga Xiana
<http://youtu.be/rrTPtkcGgE4>



Nun traballo no que se rexistre un proceso ou unha exposición oral dun alumno sobre un tema concreto poderemos:

- Integrar explicacións e suxerencias no traballo grupal dos alumnos para poder orientalos proceso .
- Destacar áreas nas que aparezan comentarios salientables cando pasemos o cursor por enriba.
- Inserir textos humorísticos como elemento motivador dentro dos vídeos.
- Podemos destacar ou resaltar, pausar por un intervalo de tempo, engadir cuestións ou mesmo facer anotacións sobre o vídeo no momento en que se produce un feito relevante que quere salientarse ou preguntar.

Exemplo de aula no que se emprega o vídeo con anotacións como recurso para comentar, motivar ou mellorar as presentacións de alumnos. Recolle as diferentes propostas anteriormente citadas.

<http://youtu.be/4A6ZeBJ8kms>

